

O mundo de infantil

ADIVIÑA, ADIVIÑA

Personaxes que asustan


Monstruo verde e con escamas,
ao que pincha en plena panza,
por rescatar a unha dama,
un príncipe coa súa lanza

A sábana de algodón
chégalle polo nocello
e vai o espectro
guasón
oubeando polo
castelo.

Sufre gran indigestión
cando come, ivaia antoxo!
avoas en camisón
e nenas con gorro vermello

Entre pócimas e
ungüentos
e outro maleficio
ser a mala dos contos
Foi sempre o seu oficio.

Tan verde, grande e viscosa
e gardián dunha princesa
nadando dentro do foso
que leva tres anos presa.



Co gallo do "Día do libro" os nenos/as de Educación Infantil debuxamos e pintamos a poesía de Gloria Fuertes:
Como se dibuja a un niño

Para dibujar a un niño
hay que hacerlo con cariño.
Pintarle mucho flequillo,
que esté comiendo un barquillo;
muchas pecas en la cara
que se note que es un pillo;
pillo rima con flequillo
y quiere decir travieso.




Continuemos el dibujo:
redonda cara de queso,
como es un niño de moda
bebe jarabe con soda.
Lleva pantalón vaquero
con un hermoso agujero;
camiseta americana
y una gorrita de pana.
Las botas de futbolista
porque chutando es artista.
Se ríe continuamente,
porque es muy inteligente.
Debajo del brazo un cuento
por eso está tan contento.
Para dibujar a un niño
Hay que hacerlo con cariño.



Así nos quedaron os nosos debuxos.
Estamos feitos grandes artistas!




AS NOSAS COUSIÑAS



As nosas profes



As nosas saídas



LETRAS GALEGAS 2010

Este ano 2010 a Real Academia Galega adicálle o 17 de maio, Día das Letras Galegas, a UXÍO NOVONEYRA, como recoñecemento ao seu traballo a prol da lingua e a cultura galega.

Uxío Novoneyra, fillo de labregos, naceu o 19 de xaneiro de 1930 na pequena aldea de Parada de Moreda, en plenas montañas do Courrel, Lugo.

Estudou o bacharelato na cidade de Lugo e posteriormente trasladouse a Madrid para comezar a carreira de Filosofía e Letras. É nesta cidade onde publica os seus primeiros poemas, na revista universitaria Bengala. Estes primeiros poemas están escritos en castelán. No ano 1952 volta a Galicia e entra en contacto con diferentes intelectuais galegos de Santiago de Compostela: Ramón Piñeiro, Otero Pedrayo, Manuel María..., o que o leva a tomar conciencia galeguista e a escribir, xa a partir de entón, exclusivamente en idioma galego.

Casou en 1973 con Elva Rei, á que coñeceu durante a súa estada en Lugo, e coa que tivo tres fillos: Branca-Petra, Uxío e Arturo.

Durante un tempo vive entre Lugo e o Courrel ata que se estableceu definitivamente, dez anos máis tarde, en Santiago de Compostela. É nesta cidade onde é elixido Presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega, cargo que vai exercer ata a súa morte durante

dezasete anos consecutivos.
Uxío é o autor de numero-
sos libros de poemas: "Muller
para Lonxe", "Do Courel a Composte-
la", "Poemas caligráficos"... sendo
o máis coñecido e máis repre-
sentativo da súa obra o que
leva por título "Os eidos", nos
que recopila toda a súa poe-
sía relacionada co Courel.



Escrebiu tamén tres contos para os máis pequenos:
"Gorgorín e Caberón", "Ilda, o lobo, o cozzo e o xabarín" e
"O cubil do xabarín".

Faleceu en Santiago de Compostela un 30 de outubro de
1.999.

FRASES E POEMAS DE UXÍO NOVONEYRA

"Certamente a responsabilidade da Lingua é de todos, non
só dos escritores en Lingua Galega nin dos nacionalistas
defensivos ou críticos. A todo galego, sexa do partido que sexa,
incumbe a responsabilidade da supervivencia da Lingua
e a reivindicación da dignidade nacional de Galicia e o
dereito da autodeterminación recoñecido nominalmente por
ra todos os pobos".

FIANDEIRA NAMORADA

Fiandeira namorada
que fías detralo lume
cos ollos postos nas chamas
roxinas, brancas e azules.

Fiandeiriña que fías
nas noites do longo inverno
as liñas máis delgadas
que o fío do pensamento.

Lidia Lamas


Co gallo da celebración do Día das Letras Galegas, o Concello de Cospeito organizou un concurso. No devandito concurso os nenos e nenas tiñan que facer un debuxo alusivo a poesías de Uxío Novoneyra, o escritor homenaxeado este ano. . Todos os nenos e nenas traballaron arreo, e, de feito, o noso Cole foi dos máis premiados. A continuación, amosamos algúns dos traballos elaborados.

EXPLICACIÓN
Foi un día de celebración porque era para celebrar a poesía que se escribiu en Galicia e para lembrar a Uxío Novoneyra, o escritor que nos deixou a herencia de que se escriba en galego.

ESLOGAN
A poesía é a alma da Galicia.
A poesía é a vida da Galicia.



EXPLICACIÓN
Este é un día de celebración porque é un día para celebrar a poesía que se escribiu en Galicia e para lembrar a Uxío Novoneyra, o escritor que nos deixou a herencia de que se escriba en galego.



A NOVA LENDA DE GARABULLOS

contada polos nenos e nenas do 1º e 2º ciclo

A excursión a Garabullos foi tan especial que os nenos e nenas do 1º e 2º ciclo quixeron facer para esta revista a súa versión da lenda de Garabullos, esperamos que vos guste!

Hai moitísimos anos en



había un



chamado

Pit. Un día ía camiñando pola




de



cando se decatou de que se perdera. Chorou tanto que ao final a



da  escatoouna e foi ao cabo de el:

- Por que choras tanto?

- Porque me perdín. Axúdame?

- Eu pódooche axudar, pero cunha condición: Ao principio de

tempera terre que ter un gran



e cada día tes que

facer outra mediana e senón cumples o trato converterteir



non



- E como fago o



?

- Non sabes facer



?

!a, !a.! Anda que che digo os

ingredientes,



- Non sei nin ler nin escribir..

- Pois pide axuda a alguén.



!



!

- Guau, guau! Que queres?

- Necesita que me fagas de secretario e me apuntes aí unhas





susinas.



apuntou todos os



e acompañou a



á



• Á mañá seguinte empezou a

traballo,



e



plantaron o

durante

semanas esperaron a que medrara e cando xa estaba listo,

recoller o



e levouna ao



Cando



tiña o



feito, foi buscar á

, pero no camiño ao pasar pola



caelle o



a



Ande tes o



? - dixos a



moi asustado contoulle o que lle pasara. A



enfadadísima dixos o



1 qerso leuna

do revés e



acabou convertido en un



A



cada vez estaba máis enfadada e estaba a

piques de volver a dicir o




, cando apareceu



o can que lle colleu a



e fuxiu





con ela para xunto de




colheu

a  e volver a poñer todo igual ca antes.

Despois fixo un conxuro e sacou o



da



cando lle foi a dar o



á



esta

non o quixo porque non o fixera el só.



deulle un

pacco e viviron felices e comeran



E así remata a lenda de Garabullos contada polos nenos e
nenas do 1º e 2º ciclo.



CLAVE




→ Pit



→ Meiga



→ Pipo



→ Fraga




→ Super-pit




→ Morcego amarelo



→ Garabullos



→ Receita



→ Ponte



→ Trigo



→ Moinho



→ Lagoa



→ Casa Pit

→ Feitiço



→ Pau mágico


MOCHILA VIAXEIRA




No terceiro trimestre, dende a biblioteca do cole botaron a andar "AS MOCHILAS VIAXEIRAS". Trátase dunha iniciativa coa que o Equipo da Biblioteca pretende fomentar o gusto pola lectura. Ademais, con esta actividade non só se implican os alumnos e alumnas, senón tamén as familias xa que nos contidos da mochila inclúense materiais para pais e nais.

A experiencia está a resultar moi gratificante.. Tanto os nenos como as súas familias acolleron moi ben esta iniciativa que esperamos manter o vindeiro ano. O Equipo da Biblioteca quiere dar as grazas ás familias pola súa colaboración.

A nosa participación na mochila viaxeira...







O noso maxín

REFRÁNS

- A cabeza manda ós pes.
- O que se alegra do mal do veciño xa lle ven o seu polo camiño.
- A calquera dor a paciencia é o mellor.
- Máis vale maña ca forza.
- O que ten cú ten medo.
- A bo cú bo peido.
- A horta en outono mantén o seu dono.
- Polo San Miguel sabe o touciño a mel.
- Outono chuvioso ano copioso.
- En setembro ou leva as pontes ou seca as fontes.
- A horta do San Martiño ten para el e máis para o veciño.
- Moita flor na primavera bon outono nos espera.
- Si en setembro empeza a chover, outono seguro é.
- Polo San Andrés, o viño novo vello é.
- Ata o corenta de maio non saques o saio.



CHISTES



Ían dúas alieus nunha mata e,
unha delas cai, e parte a ósa.

Ía un señor nun seiscentos e parau
na semáfora. E entón chega un tipo
nun ferrari e díxalle: douscentos calcalos
de potencia. Encóntrase na seguinte semáfora
e volvéulle a dicir trescentos vinte calcalos
de potencia. Pasa a señor por unha curva,
ve a ferrari tirada na rúa e dile: ¡Q ue,
dándolle de beber os calcalos!



¿ Q ue fan cabra negras nun coche vermello?
Un kit kat.

¿ Q ue fai un negra en castela?
A Mancha.

¿ Q ue lle di unha parede á outra?
Vémonos na esquina.



Ían dous nunha moto, e dile un ¿A cuántos vamos?
A 250 por hora.

Vólvelle a preguntar ¿A cuántos vamos? A 320 por hora?

No. Lagalle unha moza na conta Km e dicelle: a
mierda por hora.

Esteban Páez López



RECEITAS



SUSTANZA DE PITA

INGREDIENTES: Auga, carne de pita, e sal.

PROPORCIÓN: Unha ola grande de auga, unha pita partida en dúas metades, sal.

PREPARACIÓN: Poner unha ola chea de auga cunhas areas de sal grosso, despois botar as metades da pita, coas patas e o pescozo trincados; meter tamén, a morizoga, o fígado, e os untos que, axudan moito a facela sustanza.

COSTUMES: Para iste mestex, mátese unha pita vella; co que máis entresa é a sustanza, e non tanto a carne da ave.

Pola mañá cedo, antes de que saian para fóra, cóllese unha pita do galiñeiro, daquelas máis velliñas, que xa non poñen ovos e, non fan máis ca comer. Vaíse un a unha corte, ou a unha palleira, e suxeitase a galliña entre as pernas, cunha man no pescozo e, na outra un cortelo cortador; ságrase a pita, dándolle un corte na gorxa, hai que deixala desangrar ben; tamén hai quen as mata, poñéndolles o pescozo no cepo de picala leña e, despois dególaas cun machado pequeno.

A galiña hai que deprumala, para iso compre ter unha ola fervendo que, verterase nun tino; logo, métese e sócose a pita na auga, procurando que non se quezme, senón cáelle a pel canda a pruma.

As pitas vellas son duras coma os croños e, precisan de moitas horas de cocemento; coma digo eu:

"A pita vella para que foga boa sustanza, ten que cocer ó lume un día enteiro, e que non sexa dos días de xaneiro."



A sustanza ben quenteña, segundo din novas avoas, é cousa moi boa para as parvidas, ou para calquera enfermo e, tamén cura os catarros. Agora, desas avoas xa quedan poucas e, nos casas labregas, a xente nova non sabe diferenzar unha polleña nova, dunha pita vella; e o que é peor, nin matala, nin deprumala; ¡se fora para comela aparecen axiña!

¡Que será desas vellas receitas, desas antigas costumes, deses antigos remedios que tan bo resultado daban

Carmen Porto

SOPAS DE ALLO

Ingredientes: Auga, sal, e sopas de pan centeo.

Proporción: Media ola de auga, sal, sopas de pan a según gusto.

Preparación: Primeiro ponse a quecer media ola de auga, mellor da fonte que da traída; cando rompa a ferver, será o intre de comezar a tallar o pan en sopas, canto máis finas se poida; deseguido, váise remexendo ata vez que están no seu punto, rematarase botándolles un rustrido de aceite de oliva con aínda ben allo.

Costumes: Era costume coller o bolo de centeo, apoiálo contra o peito cunha man, e coa outra ir cortando as sopiñas que, caían xa na propia ola, salear da auga gurgullante. Este acto era o propio de facer as lanxas, se se facía doutro xeito rompiáse o engado e, mesmo dicíase que as sopas non sabían ben. Se se ve cas sopas teñen moita auga, quitaselles unha pouca antes de botarlles o rustrido. Tameñ había quen gostaba de comelas cunha miquiña de pemento picante, e outros con azucre, salear de todo os nenos.

Eran apropiadas estas sopiñas de allo pras ceas, e mesmo pra moitas merenas o longo da inverniá.

María Cando

TRUCOS MOI ÚTILES

MOSQUITOS NA FROITA

Se queres afastar eses mosquitos que ás veces queren ocultarse entre a froita cando empeza o bo tempo, coloca uns dentes de allo no froiteiro: seguro que non se achegarán.



MOL ESTIAS DE ESTÓMAGO

Se o teu estómago non funciona ben, pon un vaso de auga a ferver cunha folia de loureiro. Unha vez cocida, déixala repousar durante cinco minutos, e logo, bébela a pequenos sorbos, sen presión e notarás como a túa dixestión marcha mellor.



FOLLAS AMARELADAS

Se a túa planta presenta as follas amareladas e cun aspecto debilitado, o máis probable é que necesite nitróxeno: busca en tendas de xardinería un fertilizante apropiado e abona a túa planta.

En poucas semanas estará recuperada.



TOMAS ANTIBIÓTIICOS?


Se o médico che recomendou tomar antibióticos para combater algún tipo de infección, non estaría de máis que tomaras cada día mentres dure o tratamento, un dente de allo cru.

MARCOS DE VENTÁS

Os marcos pintados das ventás queclaranche limpos, se os lavas cunha mestura de chías culleradas de fenolo disoltas nun litro de auga. Fricciona cunha baeta e, por último, seca ben.

SEN LIMACHAS.

Para que as limachas ou os caracois non se acheguen ás plantas do teu xardín só tes que cubrilas de po do tabaco. Como non o soportan nin se achegan!



CAN CANSADO

Se durante unha excursión, nun día de moita calor, o teu can se nega a seguir e respira de forma acitada, non o forces: busca un lugar sombreado e, se é posible, móllao cun pouco de auga para refrescalo.

NECESITAS FÓSFORO?

Un puñadinho de piñóns proporcionanche a cuarta parte do fósforo que necesitas diariamente.

Este mineral contribúe tamén a mellorar a memoria e a capacidade intelectual.

VERDURAS CONXELADAS

Se comprache verdura fresca e pensas congelala, tócaa con os dedos? se prefires usar o coitelo, procura meter a miúdo o seu fro nun vaso que conteña zume de limón, así, evitarás que as verduras se oxiden. ¡Ah e non saques todo o aire da bolsa cando a vaias cerrar! As verduras manterán así todo o seu frescor.

Lucía Eiras Vivero.

CURIOSIDADES

Sabía que cada ano moitos tiburóns son capturados, e que xuntos dan cinco voltas ao redor do mundo?



Nós nin sequera nos decatamos da cantidade de tiburóns que se pescan no mundo, en realidade, un investigador da Argus Mariner Consulting dixo: "Péscanse cen millóns de tiburóns por ano. Tantos que, se lles xuntamos o nariz contra a cola, darían cinco voltas ao redor do mundo.

"E iso é preocupante xa que, ademais da pesca descontrolada, a taxa de natalidade é moi baixa, require moito tempo para que chegue a madurez

e os períodos de xestación, sen contar a contaminación dos lugares de reprodución, e con razón hai unha preocupación urxente sobre este depredador.

Sabía que os gorilas aplauden para chamar a atención do grupo?



Segundo unha enquisa distribuída pola revista Antropoloxía, o gorila femia aplaude para chamar a atención das súas crías e alerta os machos da presenza de seres humanos. Este estudo por investigadores na Universidade de Oxford Brooke University, en Gran Bretaña, que vían ese comportamento en gorilas occidentais nunha comunidade de reserva de Lac Tele, República

Sabía que o allo e a cebola en exceso é veneno para os cans?

Unha alta inxestión destes alimentos pode provocar envelenamento e anemia nos cans, como publica a revista alemana "DOGS". Esta mesma publicación advirte contra a práctica xeneralizada entre os donos de cans de introducir o allo para os seus animais para evitar pulgas.

Esta publicación afirma que os alimentos conteñen unha substancia "que destrúe a hemoglobina, o que podería bloquear os riles e provocar anemia e envelenamento.



Unha cadela "ama de casa"



Connie tiña que asumir a casa, cando a súa propietaria quedou enferma. Ela aprendeu a regar as plantas, poñer a lavadora e facer a compra. Hazel Carter non foi capaz de manter a casa en orde cando a artrite a deixou na cama. Pero tivo a axuda da súa fiel amiga para ter éxito.

Operan a unha serpe por comer bolas de golf

Unha operación quirúrxica salva a vida a serpe que tragara catro bolas de golf, confundíndoas con ovos, dixo un veterinario.

Unha parella puxo as bolas no seu galiñeiro na Nobbys Creek, no estado de Nova Gales do Sur, para impulsar as súas galiñas para chocar, relatos Australian Associated Press.



ENTREVISTA

Nome: José Manuel.

Apelidos: Rus Rodríguez.

Fecha de nacemento: 31 de decembro do 1976 en Muimenta

Profesión: administrativo económico.

Afeccións: música, natación e lectura.



Onde estudaches?

O parvulario na escola unitaria de Muimenta; o EGB no colexio Ramón Falcón de Castro de Rei. Administrativo no instituto de EFP en Vilalba; a licenciatura e diplomatura na universidade de Compostela e o curso de posgrado en cooperativas tamén na universidade de Compostela.

Que é o que máis che gustaba do teu colexio?

As actividades extraescolares.

Segues tendo contacto cos compañeiros do cole?

Si, porque moitos deles son de Muimenta e ademais xuntámonos a cear unha vez ao ano.

Cres que mellorou a ensinanza dende que deixaches as aulas?

Nunhas cousas si, como que agora tedes máis medios caos que tiñamos nós e tedes máis actividades extraescolares, e noutras cousas non, coma que se perdeu o respecto cara o profesor.

E o comportamento dos alumnos?

Ai algo de todo coma sempre.

Que é o que máis che gusta de Muimenta?

A unión que hai, a iniciativa e as ganas de traballar todos xuntos.

Que é o que máis che sorprende dos alumnos do C.E.I.P Muimenta?

As ganas de participar que teñen a maioría.

Que cambiarías de Muimenta?

A situación que se está vivindo dende hai tres anos, que se está perdendo a unión que había e intentaría mantelo máis limpo.

Álex Veiga

ENTREVISTA



Nome: Antón.

Apelidos: Cando Rancaño.

Data de nacemento: 20/1/1969 .

Lugar de nacemento: O Cadín Valeira (Lugo) .

Profesión: Informático.

Afeccións: Os meus intres de vagar adicoos a Escrita, as viaxes, e a camiñar.

-Ónde estudaches?

Estudei EXB no Cádavo, Informática de programación en Madrid e comecei artes aplicadas en Lugo.

-Viviches sempre en Muimenta?

Non, vivin unha tempada en Madrid, outra en Lugo e, agora na Muimenta.

-Qué é o que máis che gusta de Muimenta.?

Tólolos sitios teñen recunchos moi fermosos, o campo da igrexa da Muimenta, cos seus catro carballos e mailo freixo, preto de teren 500 anos de vida, prê min é un dos lares máis senlleiros.

-Qué idade tiñas cando empezaches a traballar?

Coido que tiña 21 anos.

-Atópaste a gusto no no teu traballo, ou desexarías traballar noutra cousa?

Na miña empresa traballei dando clases de informática aos nenos, na redación e distribución dos nosos xornáis mensuarios, e tamén na promoción do turismo vacacional.

-Cántos libros tes editados? Publicados teño 6, escritos algún máis, e pra sair do prelo 2 para iste ano e, 2 pro que ben.

-Pensas seguir escribindo?

A escrita dende que te pilla non é doado abandoala, máis non a plantexo coma un recurso imperativo, tamén teño outras ocupacións que atender.

-Por qué decidiches escribir o libro das “Receitas Labregas”?

Lendo a obra do Picadillo e, tamén “A Cociña Galega” do Álvaro Cunqueiro, vin cas súas receitas eran máis ben aristocráticas, decatándome de que non falaban a penas da cociña dos labregos. Esí pois comecei un traballo de campo pra recoller datos de cara a publicación do devandito libro, que sen a colaboura das mulleres e dos homes do agro galego non sería posíbel escribilo.

-Fixeches algún libro coa colaboración dalgún amigo teu?

Sí, conxuntamente cun experto en finanzas da Caixa Galicia da Xinebra, (Suiza) sacamos “La mirada del dinero,” un libro de economía e finanzas que, exprica destintos xeitos de emprendemento de empresas, rentablización de inversións e, métodos pra tratar de sacarlle proveito a crise económica.

-En qué idioma escribiches os teus libros?

Depende das materias e da súa difusión. “Nosotros vivimos con el cáncer,” quê un dos máis vendidos, escribino en castelán, e “Ó son da terra” escribino en galego, prê non me gusta un idioma acoutado polas normativas, son partidario de usar a lingua con liberdade, coma facía Aquilino Iglesias Alvariño, por citar un escritor da Chaira, prê hai moitos outros na mesma liña.

Por: María Cando Cruña

PASATEMPOS

A	W	D	V	U	N	A	T	Q	R	S	P	O
I	X	Z	C	I	T	E	F	G	B	I	Ñ	G
D	E	B	L	D	C	F	H	F	K	N	V	H
R	C	O	R	G	A	N	O	T	L	M	I	B
Q	I	T	X	U	V	W	U	X	A	K	O	K
V	P	R	S	I	T	B	Z	I	B	C	I	D
O	T	B	V	M	A	L	N	I	E	F	O	I
Q	R	P	O	N	Ñ	B	G	I	Z	G	N	H
E	O	F	A	A	T	U	A	R	F	I	C	J
Ñ	M	L	B	M	R	L	X	R	K	T	H	U
Q	P	N	M	N	O	V	W	S	T	V	E	W
R	E	T	L	I	M	O	P	O	X	N	L	A
S	T	U	V	I	B	Ñ	P	I	A	N	O	Z
C	A	B	N	H	A	Z	I	S	M	Z	K	C

Atopa o nome de 10 instrumentos musicais

Carmen

L	C	T	P	M	R	S	D	S	F	V
C	A	N	I	W	I	K	C	E	K	I
A	S	R	Ñ	S	T	X	I	A	B	T
C	T	S	A	X	I	E	R	E	C	E
A	A	M	A	N	D	A	R	I	N	A
H	Ñ	Z	T	V	X	S	E	R	E	P
U	Ñ	Z	T	V	X	Z	O	N	R	Z
E	T	P	I	Z	G	M	T	P	S	T
T	M	R	M	K	H	R	D	N	Z	A
E	R	S	N	O	L	M	I	O	W	I

Atopa o nome de 10 froitas e froitos secos.

Álex

PASATEMPOS 2

P	A	X	A	R	O	S	H	C	L	M	H	G
O	S	K	R	Ñ	B	C	O	R	Z	O	L	A
N	O	C	I	A	E	R	P	O	Ñ	Q	L	T
I	H	I	V	H	P	I	D	P	A	V	O	A
S	P	C	Q	A	B	O	K	M	W	E	D	C
R	C	A	N	S	C	L	S	B	O	Z	P	H
S	D	B	T	W	F	V	E	O	D	E	I	B
L	E	R	V	I	M	U	L	A	L	A	T	G
C	O	I	X	W	G	W	X	C	L	F	A	G
E	F	T	W	I	V	F	T	E	R	L	S	F
R	W	A	H	Q	R	A	D	D	I	C	O	V
V	Z	B	S	V	O	A	M	U	I	O	K	A
O	G	E	O	U	C	Z	F	L	W	R	V	C
C	A	B	A	L	O	S	H	A	K	O	X	A
C	P	C	Ñ	B	K	H	L	C	C	T	V	U
K	R	C	O	N	E	X	O	S	L	W	P	G
Q	S	O	V	E	L	L	A	W	Ñ	L	W	A

Atopa o nome de 18 animais

Melva

Resolve o sudoku

9		4				5	3	7
5			6			1	2	
2	8		5			4		
7	2		9	8				3
			2	6		7	8	4
8		6	7	1		9		2
6	5	8				3	9	1
			1	5	8	2		6
1		2	3				4	5

6	1			2	9	3	4	
4	3	7		6		9	2	
	5	2		1		8	7	6
7			6				1	3
5				7			9	8
1		9		3				4
	9		3	5	7		6	
3		5				1	8	9
			9	8		5	3	7

PREMIADOS 2.010

Concurso do Día das Letras Galegas



ZAIRA



MARÍA POLLÁN



MARÍA CANDO



LUANA



MARTA



ROSALÍA



JOSE

Os nosos alumnos tamén participaron no Concurso da Festa da Filloa resultando premiados **Esteban Rivas** e **María Pollán**.

DEDICATORIAS

Nunca vos olvidarei,
sempre vos recordarei.
(De Melva para todos)

PARA TODAS
AS
PROFESORAS
DO COLEXIO:
ANA, ISABEL,
TEBA, TERESA,
ANA MARÍA,
PEPITA E
LAURA.
(ESTEBAN)

Para uns bos amigos,
e unhas boas
profesoras, grazas por
todo,

Nunca olvidarei os bos
e malos momentos
que pasamos xuntos.
(De Carmen para todos
con cariño)

Unha boa amizade
nunca se parte.
(De Antía para todos)

Aos nenos velos
voltarei e
as profesoras de
menos as botarei.
(De Álex para todos)

Grazas por aturarme,
por ensinarme cousas tan valiosas,
polos consellos e bos ratos que pasamos;
por todo iso e máis ¡GRAZAS!
(De Lucía López para Pepita)

Para todos os de 6º
que son moi
cachondos. Seguides
así.
(De Lucía Elras)

Unha rosa naceu,
nun deserto ,
estivo a punto
de murchar,
ata que dúas nubes
moi amigas
decidiron axudala.
(De María para Lucía
López)

Para dúas amigas ás
que quero como elas
me ensinaron a querer.
(De Lidia para María e
Carmen)